

## **VECIÑANZA ESIXIRÁ NO PLENO MUNICIPAL A REFORMA E HUMANIZACIÓN DA RÚA DO CONVENTO**

- *Veciñanza levará ao pleno do mes de setembro unha moción para a reforma e humanización da rúa do Convento, que se atopa nun estado de deterioro grave e é unha das principais demandas veciñais.*
- Cúmprense catro anos dende o anuncio de 'acordo' para o seu acondicionamento entre o Concello de Cuntis e a Xunta de Galicia. Dende aquela nada máis se soubo e o anuncio quedouse noutro engano propagandístico tan propio do Goberno Local de Cuntis

Cuntis, 17 de setembro de 2021

---

Veciñanza levará ao pleno do mes de setembro unha moción para a reforma e humanización da rúa do Convento, que se atopa nun estado de **deterioro grave e é unha das principais demandas veciñais.**

O estado das beirarrúas e do firme da rúa do Convento atópase nunha situación de verdadeiro abandono. O seu deterioro é cada vez máis evidente e o seu arranxo é unha das demandas máis reclamadas polos veciños e veciñas de Cuntis, especialmente polos residentes da zona, que á súa vez é un dos principais accesos ao centro da vila. **A rúa do Convento transcorre polo treito urbano da estrada autonómica PO-220, de titularidade da Xunta de Galicia. Trátase dunha zona moi transitada tanto por vehículos como por peóns, xa que nela está o Convento de San Bieito.**

Cúmprense catro anos dende o anuncio de 'acordo' para o seu acondicionamento entre o Concello de Cuntis e a Xunta de Galicia. Dende aquela nada máis se soubo e o anuncio quedouse noutro engano propagandístico tan propio do Goberno Local de Cuntis. Na vindeira sesión ordinaria do Pleno da Corporación, **Veciñanza trasladará esta demanda veciñal para buscar un acordo dos tres grupos da Corporación e instar así á Xunta de Galicia a que se responsabilice da reforma e humanización desta vía.**

